



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Curso Académico: 2014/2015

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 1 de 18	

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento da Programación Plurianual do Plano Estratéxico	5
3. Seguimento dos Planes de Mellora anteriores.....	7
4. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	11
5. Plan de Melloras do Centro	14

Anexos:

Estado de la Programación Plurianual

Procesos y Procedementos Revisados del SGIC

Informes de Seguimento e Acreditación

Fases de Aprobación

- ✓ **Aprobación pola Comisión de Calidade da ETSE: 27 Xaneiro 2016**
- ✓ **Revisión pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC: 3 Febrero 2016**
- ✓ **Aprobación pola Xunta da ETSE: 12 Febreiro 2016**

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 2 de 18	

1. Introducción

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE), dende a súa creación no Diario Oficial de Galicia (DOGA) o 24 de maio de 2002, apostou decididamente pola implantación de estratexias de mellora da calidade. No acto de inauguración xa se formulaba como obxectivo prioritario a “Ilusión por ofrecer, en primeiro lugar, unha docencia de calidade ós estudantes que depositaron en nós a súa confianza”.

As primeiras Memorias de Titulación que se conservan no centro datan do curso 2004-2005 para a titulación de Enxeñaría Química e do curso 2005-2006 para a titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (titulacións xa extintas precedentes dos actuais Graos en Enxeñaría Química e en Enxeñaría Informática). Estas memorias, elaboradas por profesores que de forma desinteresada exercían o papel de Coordinadores de Titulación, recollían os datos máis salientables de cada título e eran a fonte principal de análise nas Reunións de Coordinación de Profesores que se realizaba ao comezo de cada cuadrimestre docente. De estas reunións saían iniciativas que se intentaban plasmar na docencia dos seguintes cuadrimestres. Estas iniciativas pódense asemellar as actuais Accións de Mellora aínda que adocían dun desenvolvemento tan formal como o actual (non existen evidencias documentais nin da formulación das iniciativas que se formulaban nin do seu posible desenvolvemento nin dos seus resultados).

A ETSE da un paso máis na súa aposta pola calidade, executiva como nos anos anteriores pero xa tamén formal, mediante a definición da súa Política de Calidade e a correspondente Planificación Estratéxica aprobadas en Xunta de Escola en abril de 2009. Este foi un fito moi importante previo á elaboración da primeira versión dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGC) obrigados pola implantación dos planos de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O propio desenvolvemento do SGC da ETSE incluíuse dentro dos Planos de Acción dos anos 2009 e 2010 que complementaron a definición da Política de Calidade do centro a iniciativa do equipo de dirección. Unha vez elaborado o SGC obtívose a acreditación do seu deseño polo programa FIDES-AUDIT en abril de 2010.

Dende o momento da verificación do SGC, todos os documentos anteriormente aprobados intégranse nel cos prazos indicados na programación e se define a Programación Plurianual 2009-2012 que inclúe os Planos de Acción do 2009 e do 2010 e unha previsión das accións de mellora para os anos 2011 e 2012. Durante estes anos continúanse a realizar na ETSE moitas iniciativas relacionadas coa xestión da calidade se ben non se presta especial atención ao seu aspecto formal. Esta situación queda reflectida no Informe (sen valoración nin favorable nin desfavorable) da Auditoría Externa de xullo de 2013 no que se afirma que “a Escola cumpre coa maioría das directrices de FIDES-AUDIT, aínda que en algúns dos ítems formulados a recollida de evidencias é mellorable”.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o seu primeiro SGC marco en decembro de 2009, e a Comisión Delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, en maio de 2013, aprobou unha simplificación documental do mesmo. A ETSE adopta a revisión de 2013 do SGC marco da USC aprobando en xuño de 2013 a primeira versión do seu Manual

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 3 de 18	

Simplificado do SGC. A versión en vigor do dito Manual Simplificado da ETSE do SGC data de outubro de 2014.

Durante o curso 2013-2014 faise énfase na mellora formal, especialmente no que se refire ao aspecto de información pública, dos procesos de calidade que xa se viñan desenvolvendo na ETSE. As actas das comisións que forman a estrutura de calidade publícanse de xeito sistemático dende ese ano recollendo ademais a información sobre as distintas actividades que se desenvolven. Nesta liña de actuación, de formalización da actividade de calidade que xa se viña desenvolvendo no centro, apróbase en xullo de 2015 o Plano Executivo de Calidade (PEC). Segundo se indica na súa introdución, o PEC “recolle a descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas co ámbito da Calidade na Docencia”. Tamén define a forma de xerar evidencias de cada unha destas actividades. A súa incorporación ao SGC realízase no seguimento do SGC que se inclúe nesta Memoria de Calidade do Centro.

En outubro de 2014, froito dun amplo traballo de reflexión dos diferentes grupos de interese de case 6 meses de duración, apróbase en Xunta de Escola o Plano Estratéxico da ETSE 2014-2020 (PE14/20), que está en liña co Plano Estratéxico da USC 2011-2020. Como se indica na súa introdución, “pretende ser a primeira pedra” desta “nova etapa na Política de Calidade” marcada polo SGC marco de 2013. Neste PE14/20 a ETSE volve reafirmarse na súa Misión, na súa Visión e nos seus Valores definidos inicialmente na Política de Calidade de 2009. Despois dunha profunda reflexión colectiva sobre as fortalezas e debilidades, formulábanse 7 liñas estratéxicas de actuación que dan lugar a 26 obxectivos estratéxicos desenvolvidos en 48 accións estratéxicas. A Planificación Plurianual 2014-2020 (PP14/20) que desenvolve a execución temporal do PE14/20 apróbase en maio de 2015. A versión en vigor da dita PP14/20 data de outubro de 2015 e corresponde co estado da mesma tras o segundo cuadrimestre do curso 2014-2015.

Títulos impartidos no Centro e Estrutura de Calidade dos Títulos

A ETSE conta na actualidade con 2 titulacións de Grao (unha delas coordinada nun dobre grao) e 4 titulacións de Máster.

- ✓ Grao en Enxeñaría Informática, dende o curso 2009-2010
- ✓ Grao en Enxeñaría Química, dende o curso 2010-2011
- ✓ Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, dende o curso 2015-2016
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, dende o curso 2005-2006
- ✓ Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións, dende o curso 2010-2011
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprosos, dende o curso 2013-2014
- ✓ Máster Universitario en Big Data: Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos, dende o curso 2015-2016

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. A gran diferenza de competencias a adquirir nas dúas titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Títulos as que desenvolvan a xestión de calidade de cada título. Por outra banda, as Comisións dos Másteres son as responsables legais do seguimento dos seus correspondentes títulos.

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 4 de 18	

As Comisións de Títulos de Grao (CTG) regúlanse a través do Regulamento Interno da ETSE, aprobado en Xunta de Escola en xuño de 2015. Cada Comisión esta composta por un membro do Equipo de Dirección, que a presidirá, o/a Coordinador/a do Título, 4 profesores/as e 2 Estudiantes, todos eles da titulación respectiva, e 1 PAS.

As Comisións de Títulos de Master (CTM) regúlanse a través do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da USC. Segundo se establece en dito Regulamento, estarán compostas por o/a responsable do Centro ao que se adscriba o título, o/a coordinador/a do título, o/a xestor/a académico/a do Centro e 10 membros atendendo a varios criterios (deberán estar representados proporcionalmente os créditos impartidos polos diferentes departamentos e institutos que interveñan na titulación; os representantes do profesorado deberán impartir docencia no título; 2 membros deberán ser estudantes). O/a Coordinador/a do Título será responsable de propoñer os membros da Comisión de Título de Master.

Na xestión da calidade dos títulos da ETSE cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título (CT). No caso dos Graos, serán propostos pola dirección do Centro e ratificados pola Xunta de Escola. Serán responsables de liderar e organizar a correspondente Comisión do Título.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e busca de directrices comúns das Comisións de Títulos. Na busca deste último obxectivo, todos os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión. A coordinación desta Comisión está en mans do Responsable de Calidade.

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 5 de 18	

2. Seguimento da Programación Plurianual do Plano Estratéxico

Na última revisión da PP14/20, de outubro de 2015, dáse conta do cumprimento das accións previstas no PE14/20. A continuación resúmense os aspectos máis destacados de cada unha das liñas estratéxicas que forman a PP14/20. A información completa do estado do PP14/20 está dispoñible no anexo.

Liña Estratéxica 1: Infraestruturas

Nesta liña cumpríuse unha das necesidades máis importantes (Acción Estratéxica 1.2.A.) que solucionaba un defecto no mobiliario das aulas demandado polos estudantes desde bastante tempo atrás. Tamén se renovaron parcialmente os medios de proxección das aulas (Acción Estratéxica 1.2.B.) e se deu un importante impulso ás solucións de infraestruturas que non dependían do centro senón da área de infraestruturas da USC (Acción Estratéxica 1.3.A. e 1.3.B.).

Por problemas de orzamento non foi posible renovar o equipamento das aulas de informática (Acción Estratéxica 1.2.E.) que estaba previsto. A acción manténse aberta para executar en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Liña Estratéxica 2: Oferta Docente de Grao

Nesta liña cumpríronse varias das accións relacionadas coa mellora da información cara aos estudantes actuais e futuros (Accións Estratéxicas 2.3.A. e 2.7.A.). Tamén é de destacar, polo que supón de coordinación de actividades, a elaboración dun plan coordinado de visitas a empresas (Acción Estratéxica 2.5.A.). Tamén se deron pasos significativos na consecución dun catálogo de titulacións atractivo (Accións Estratéxicas 2.1.A. e 2.1.B.) co desenvolvemento dunha dobre titulación co Grao en Matemáticas e os primeiros pasos para a proposta dunha titulación no ámbito da Biotecnoloxía Industrial.

Liña Estratéxica 3: Oferta Docente de Posgrao

Nesta liña déronse pasos significativos coa verificación dunha nova titulación de Máster en Big Data (Acción Estratéxica 3.1.A.).

Liña Estratéxica 4: Calidade da Docencia

Nesta liña destacan os aspectos relacionados coa implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (Accións Estratéxicas 4.4.A., 4.4.B. e 4.4.C.) como son o PE14/20, a PP14/20 e a revisión de procesos do SGIC que se inclúe no seguinte apartado desta Memoria. Tamén é importante a definición do PEC (Acción Estratéxica 4.5.A.) como ferramenta de definición da dinámica de traballo dos Coordinadores de Títulos. Déronse pasos na liña xeral de obtención de información pondo en marcha probas piloto das enquisas de opinión sobre a carga de traballo (Acción Estratéxica 4.7.A.) e de avaliación da adquisición de competencias por parte dos nosos estudantes (Acción Estratéxica 4.3.A.).

Os principais problemas atópanse no desenvolvemento do obxectivo de tentar mellorar a formación docente dos/as profesores/as (Accións Estratéxicas 4.2.A. e 4.2.B.). Non foi posible converter as ideas de traballo en actividades concretas por falta de definición.

Liña Estratéxica 5: Xestión Administrativa

Nesta liña destaca a posta en marcha do Twitter do centro (Acción Estratéxica 5.2.B.) como nova canle de comunicación de novidades. Na actualidade conta con preto dos 400 seguidores. O punto negativo foi a imposibilidade de mellorar a Web do centro (Acción Estratéxica 5.2.B.). A USC tiña previsto actualizar as Webs de centro a finais do curso 2014-2015 pero esta actualización aínda está pendente. A ETSE participará como centro de proba piloto en canto a nova estrutura estea operativa.

O aspecto menos desenvolvido son as accións de mellora dos procesos administrativos (Accións Estratéxicas 5.3.A., 5.3.B. e 5.3.C.). Parte destas actuacións está planificado que se leven a cabo a partir da revisión de procesos do SGC que se contemplan nesta Memoria.

Liña Estratéxica 6: Servizos

O feito máis relevante foi conseguir sacar a concurso unha nova concesión da Cafetería (Acción Estratéxica 6.3.A.) que era unha necesidade fortemente demandada por todos os grupos de interese do centro.

Liña Estratéxica 7: Relacións coa Sociedade

Nesta liña destaca o aumento do número de Convenios do centro con diferentes axentes do tecido empresarial (Acción Estratéxica 7.2.B.).

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 7 de 18	

3. Seguimento dos Planes de Mellora anteriores

Neste apartado realízase unha análise dos aspectos máis destacados das Accións de Mellora programadas nos últimos dous cursos, 2013-2014 e 2014-2015, tanto no Centro, en convocatorias de Axudas de Docencia, como nas diferentes titulacións. O seu estado de execución é unha das fontes principais para as accións que posteriormente se propoñen.

Accións de Mellora da Docencia

2014-2015. O aspecto máis destacado, e que necesitou a maior parte do financiamento acadado, foi o acondicionamento das prácticas da materia de Electrotecnia correspondente ao Grao en Enxeñaría Química. A montaxe que existía desas prácticas xerou algúns accidentes no pasado e era necesario tomar medidas para corrixilo. Outra acción para a cal se obtivo financiación foi a dispoñibilidade dun bolseiro para mellorar a xestión das incidencias das aulas de informática, aspecto crítico que impacta na calidade da docencia a través da dispoñibilidade de equipamento de traballo.

2013-2014. As accións solicitadas incidían en dous grandes aspectos: a mellora da xestión e a calidade da docencia. Dentro da liña de mellora da xestión o aspecto máis destacado era a petición, para a cal non se obtivo financiamento, de apoio na xestión dos procesos de prácticas en empresa e de comunicación permanente cos egresados. O financiamento obtida só foi para a adquisición de equipamento informático e audiovisual para as diferentes aulas do Centro. Quedou fora a posibilidade de apoiar o desenvolvemento de actividades complementarias a través do programa de Aula Profesional do Centro.

Grao en Enxeñaría Informática

2014-2015. Dúas das accións máis significativas incorporadas ao plan de melloras deste curso teñen que ver coa adquisición de competencias. Por unha banda, a acción AM-GrEI-16 sobre recollida de evidencias relativas a competencias, que dá continuidade á acción AM-7 do anterior informe (referida máis abaixo), haberá de culminar coa análise das respostas obtidas na comisión do título. Pola outra, as accións AM-GrEI-17 e AM-GrEI-20 supoñen unha notable novidade ao contemplar un contacto permanente co contorno a través dunha Comisión Externa que permita constatar a capacidade profesional e a inserción laboral dos nosos egresados. Está previsto que esta comisión poida constituírse no segundo semestre do curso 2015-2016. Outro aspecto de importancia sobre o que se mantén a vixilancia é a análise de resultados do título (acción AM-GrEI-18): a taxa de abandono en primeiro descendeu no curso 2014-2015 por debaixo do 10%, mellorando drasticamente o resultado do curso anterior e acadando o obxectivo establecido na Memoria do Título. Dado que as accións executadas ata o de agora neste sentido parecen ter sido efectivas, cómpre non baixar a garda no presente curso 2015-2016. En canto á vixencia da docencia en inglés no título, a acción AM-GrEI-26 procura abrir unha nova etapa (ver AM-1 do informe previo no seguinte parágrafo) identificando unha meta máis realista que implicaría só a materias optativas de 3º e 4º curso a partir do ano académico 2016-2017. Por último, é de destacar a inclusión das accións AM-GrEI-29 e AM-GrEI-30, procedentes das reunións co grupo de interese formado polos estudantes, que pretenden afondar na actualización tecnolóxica do título e que poderían ser efectivas a partir do curso 2016-2017.

2013-2014. Avanzouse no reforzo da estrutura de coordinación, incorporando a acción AM-4 no plan de melloras vinculado ao Informe de Seguimento do curso 2013-2014. Neste sentido,

desdoubrouse a coordinación do programa institucional “A Ponte”, responsabilizouse aos membros da Comisión do Título da execución de accións de mellora de relevancia e abríronse as reunións desta comisión aos Coordinadores de Curso e ao Presidente da Comisión de TFG. Déronse tamén os primeiros pasos na sistematización da recollida de valoracións emitidas polos distintos grupos de interese: a través dunha nova ferramenta web para realización de consultas, executáronse experimentalmente entre alumnos e profesores dúas enquisas sobre carga de traballo e adquisición de competencias (acción AM-7). Por outra parte, resultou de certa preocupación a taxa de abandono en primeiro curso rexistrada no ano académico 2013-2014, sensiblemente maior que o obxectivo marcado na Memoria do Título; consecuentemente deseñouse a acción AM-2 co obxecto de acadar unha detección temperá de estudantes en dificultades académicas e de mellorar a difusión do plano de estudos entre os potenciais alumnos. Pode considerarse que a cuestión máis negativa no curso 2013-2014 foi o estado da docencia en inglés no título, en claro descenso ano tras ano: ao estar previsto a renovación de acreditación do GrEI no seguinte curso, decidiuse proceder a unha reflexión acerca do futuro desta lingua na titulación (AM-1).

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento/Acreditación do Título.

Grao en Enxeñaría Química

2014-2015. Neste curso as accións de mellora estiveron dirixidas aos aspectos relacionados coa docencia interactiva: Definición dun programa "ordinario" de visitas técnicas a empresas, de xeito que cada curso faga unha visita por semestre no que estean implicadas diversas materias e profesores (supuxo o peche da acción AM2013-02) e definición das materias onde se utiliza o simulador Aspen-Hysys, de xeito que en todos os cursos sexa unha ferramenta de traballo (supuxo o pecha da acción AM2013-03). Asemade, o procedemento e regulación dos Traballos Fin de Grao quedou definitivamente sistematizado coa definición de formularios, de instrucións e coa inclusión da información na páxina web nun apartado específico para o mesmo. Agora ben, o aspecto máis determinante foi a consolidación dos recursos humanos, pois atinxiuse a estabilización dos investigadores de programas Ramón y Cajal ou similares, que permitirá afrontar en condicións a futura renovación do cadro de persoal.

2013-2014. O aspecto máis destacado foron os diferentes contactos que se realizaron con diversas empresas ao longo dos meses de novembro e decembro de 2014 e xaneiro de 2015 co obxectivo de constituír o Comité Consultivo do Título que recolle o proceso PE-02 do SGC. Este Comité constituíse en Maio de 2015 e supón un dos feitos máis importantes no cumprimento da Acción de Mellora AM2014-01 “Análise das capacidades e competencias dos egresados”. Nesta mesma liña danse os primeiros pasos na mellora de obtención de información mediante a verificación da análise por competencias nas guías docentes e a elaboración dunha enquisa de análise de adquisición de competencias.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento/Acreditación do Título.

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental

2014-2015. Ademais de continuar coas accións de difusión do Máster, e da súa presenza en ránkings, e a renovación do patrocinio por parte dunha empresa líder no ámbito da Enxeñaría Ambiental, impulsouse acadar un maior número de convenios con empresas para a realización de prácticas externas. Nese eido, acadáronse este curso 11 novos convenios.

2013-2014. As tres accións que se contemplaron neste curso, acadáronse completamente. Sinalar especialmente como acción correctora, que tanto neste curso coma no anterior fíxose moito fincapé na difusión do Máster con charlas en diversos centros, elaboración e difusión dun vídeo, póster, etc., volver a acadar a presenza en rankings, busca de patrocinios externos, etc. Así conseguíuse incrementar dende os 17 alumnos de nova entrada (curso 12-13) ata os 25 (curso 13-14) e 28 (curso 14-15). Como consecuencia desas accións no pasado curso 2013-14, esta titulación foi das primeiras en pechar a matrícula, consolidando un 40% de novos alumnos externos, é dicir, de fóra da USC. Acadouse de novo a presenza do Máster no Ránking 250 Másteres publicado polo xornal El Mundo (xuño 2014).

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento/Acreditación do Título.

Master Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións

2014-2015. O punto débil detectado foi a diminución do número de alumnos matriculados neste curso con respecto aos cursos anteriores. Para intentar reducir este factor, propúxose como obxectivo intensificar a difusión da titulación entre os grupos de interese, e máis en concreto entre o alumnado do Grao en Enxeñaría Informática, facendo unha maior difusión das temáticas que se estudan no Máster, e tamén sobre as saídas profesionais do mesmo, das conferencias abertas que se realizan no ámbito do Master e do taller de empresas que anualmente se realiza no Máster en colaboración co CESGA. Sen embargo, e dado que no curso 14/15 non se acadou a matrícula mínima de 20 alumnos, no curso 15/16 non se ofertaron prazas de novo ingreso no Máster, polo que este plan de mellora non se puido levar a cabo.

2013-2014. Un dos aspectos problemáticos destacados polo alumnado nas enquisas internas realizadas no ámbito do Máster foi a falta de interacción en tempo real entre os estudantes remotos (estudantes que non se atopaban en ningunha das dúas aulas da USC e UDC) e o profesor. Probáronse novas tecnoloxías que permitisen conectar a videoconferencia entre as aulas UDC-USC cos estudantes que seguen a clase dende un PC remoto, de forma que estes poidan interactuar en tempo real, buscando aquelas que non implicasen ningún desembolso económico aos estudantes, nin limitacións en canto aos requisitos de sistema operativo dos seus equipos. A solución finalmente adoptada foi a plataforma Vydio, a través da cal os alumnos remotos interactuaron, durante todo o curso 2014/15, co resto da aula nas sesións presenciais de clase, en tempo real e con voz e audio. A satisfacción por parte do profesorado e do alumnado implicado foi moi alta. Esta plataforma usouse tamén durante as conferencias e outras actividades, como talleres, para permitir a participación dos estudantes remotos.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento/Acreditación do Título.

Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Este Máster implantouse no curso 2013-2014, polo tanto só dispón de accións de mellora correspondentes ao curso 2014-2015.

2014-2015. Unha das accións con impacto importante nos estudantes era intentar aumentar o número de convenios con empresas para a realización de prácticas externas (Acción AM2014-03). Estes conseguíronse aumentar nun 31%. Aínda que se seguirá traballando neste tema, os resultados supoñen un cumprimento da acción formuladas. Tamén se traballou, coa colaboración de Profesores e Estudantes, na revisión dos contidos das materias, reflectido nas guías docentes deste curso, e na adecuación dos horarios. Outro aspecto destacado era a

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 10 de 18	

posibilidade de ter unha oferta de actividades complementarias para a adquisición de competencias (Acción AM2014-06). Nesta liña, por unha parte, a Comisión Académica do Máster aprobou un regulamento para a participación dos estudantes en actividades complementarias e, por outra parte, formalizouse unha oferta que inclúe diversas actividades (visitas a empresas, preparación e celebración dunha Feira da Biotecnoloxía, unha Xornada sobre Deseño Conceptual de Procesos, Enerxética Industrial e Seguridade Industrial a cargo de REPSOL e a participación de poñentes externos nalgunhas materias).

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento/Acreditación do Título.

Máster Universitario en Big Data: Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos

Este Máster implantouse neste curso 2015-2016, polo tanto aínda non comezou co seu ciclo de mellora.

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
			Páxina 11 de 18

4. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade

No PE14/20, na súa liña estratéxica 4 sobre Calidade na Docencia, incluíase como obxectivo estratéxico a realización de tarefas cara a “Implantar o Sistema de Xestión Interna da Calidade” no centro. Este obxectivo desenvolvíase en 3 accións estratéxicas, das cales a primeira era “Revisar o cumprimento dos procesos do SGC”. Dado que os procesos e procedementos do SGC se estableceron nun SGC marco común para toda a Universidade parecía adecuado que o primeiro paso fose comprobar a adecuación entre as definicións deste SGC marco, os seus indicadores e a realidade dos procesos do centro.

Na Comisión de Calidade do 30 de abril de 2015 apróbase a posta en marcha do proceso de revisión do SGC na ETSE. O SGC marco establece, no seu apartado 1.4.4.1 que o “manual do SGC deberá revisarse, cando menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do centro, nas normas que lle afecten ou como consecuencias de resultados de avaliacións ou revisións do SGC”. A Comisión de Calidade da ETSE aproba “que cada ano se faga a revisión dun subconxunto de procesos” (revisión de indicadores e reformulación dos procesos) de forma que o conxunto de procesos do SGC se revisen en cada ciclo de tres anos. Para a revisión deste curso escóllense, nesta reunión, os seguintes 6 procesos: PC-07, PC-08, PC-09, PC-10, PS-04 y PM-03 (ver SGC marco da USC). Tamén se aproba o calendario previsto da revisión co obxectivo de que os novos procesos revisados sexan de aplicación no curso 2015-2016.

Finalmente, a revisión non se efectúa nas datas inicialmente planificadas, finais de xuño e mes de xullo, xa que se decide esperar á revisión do Manual de Procesos e Procedementos marco que está realizando nesas datas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para adaptalos aos regulamentos en vigor na USC. O novo manual de Procesos e Procedementos do SGC marco aprobouse en Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015.

A revisión do SGC retómase, xa sobre a base da nova versión do Manual de Procesos e Procedementos, na reunión da Comisión de Calidade do 23 de novembro de 2015. Nesta reunión defínese a forma de realización da revisión e o listado definitivo de procesos e procedementos a revisar e/ou crear. Para a forma de realización da revisión dos procesos e procedementos do SGC, a Comisión de Calidade acordou utilizar un proceso colaborativo para a elaboración do relatorio que posteriormente sería desenvolvida pola Comisión de Calidade. Neste proceso colaborativo participan representantes dos grupos de interese de profesores, de estudantes e de persoal de administración e servizos do Centro. En resumo, pídeselle colaboración a un total de 37 persoas. O obxectivo desta estratexia é dobre: por unha parte maximizar a recollida de opinións diferentes e, por outra, acercar os procesos do SGC aos grupos de interese do centro. Finalmente, algo máis do 50% das persoas ás que se pediu colaboración realizan as súas achegas, que son utilizadas para a elaboración do documento sobre o cal traballará a Comisión de Calidade. Tamén se define nesta reunión o listado definitivo de procesos e procedementos a crear/revisar.

A continuación destácanse as modificación máis significativas realizadas en cada proceso. As novas versión destes procesos, dispoñibles no anexo, aprobáronse en Comisión de Calidade o

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 12 de 18	

XX de xaneiro de 2016. Serán de execución inmediata excepto para procesos xa en desenvolvemento nos que serán de execución no próximo curso.

P03-PE-01: Elaboración, Aprobación e Revisión do Plano Executivo de Calidade do Centro

O Procedemento P03-PE-01, de nova creación no SGC, senta as base das actuacións referidas ao Plano Executivo de Calidade do Centro. Incorporase ao proceso PE-01 xa que se considera que, xunto co Plano Estratégico e a Programación Plurianual, conforma a Política de Calidade do Centro. O PEC é un documento de revisión anual e debe ser aprobado pola Comisión de Calidade do Centro.

PE-02: Creación do Comité Consultivo e Canalización da Súa Actuación

A modificación máis significativa é o recoñecemento do carácter politécnico do centro abrindo a posibilidade de ter varios Comités Consultivos nos ámbitos das diferentes titulacións. Este feito tamén aconsella que se incremente o peso das Comisións de Títulos nas dinámicas de selección e traballos dos ditos Comités Consultivos.

PC-07: Coordinación da Actividade Docente

Elimínase a Proposta de Planificación de Actividades a aprobar polo Comité de Calidade do Centro. A dinámica docente non é compatible cunha planificación tan rixida das actividades a realizar. Substitúese por un seguimento activo por parte dos/as Coordinadores/as de Curso/Módulo e polo informe-resumo ás Comisións de Títulos e ao Comité de Calidade por parte dos/as Coordinadores/as de Título. Tamén se axustan as responsabilidades dos/as Coordinadores/as de Materias, Cursos/Módulos e Títulos.

PC-08: Xestión da Mobilidade (subprocesos: P01-PC-08: Selección de Estudantes de Mobilidade Saínte; P02-PC-08: Xestión da Mobilidade Saínte; P03-PC-08: Xestión da Mobilidade Entrante)

Ademais de incluír pequenos axustes no procedemento, axústase o Papel dos Coordinadores Académicos nas tarefas relacionadas coa mobilidade e incorpórase o procedemento propio para a selección de estudantes saíntes.

PC-09: Xestión de Prácticas Externas (subprocesos: P01-PC-09: Xestión da Oferta de Prácticas en Empresas; P02-PC-09: Realización das Prácticas en Empresas)

O aspecto máis destacable das modificacións propostas é o axuste do proceso xeral marco ao reparto de tarefas que se desenvolve no centro: existencia dun Responsable Xeral do Programa de Prácticas Externas e colaboración dos Coordinadores de Títulos e dos Responsables do Programa de Prácticas nas titulacións de Grao.

PC-10: Realización do Traballo Fin de Grao/Máster

Ademais de pequenos axustes sobre a temporización de diversos elementos (por exemplo, o feito de fixar os tribunais unha vez se coñece o número de Traballos presentados en cada convocatoria), o aspecto máis destacado da proposta de modificación é a incorporación da xestión relativa aos Anteproxectos definidos nos respectivos Regulamentos de Traballos Fin de Grao/Máster (as peculiaridades específicas de cada título desenvólvense nestes Regulamentos).

	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2014/2015
		Páxina 13 de 18	

PC-12: Información Pública

O aspecto máis destacado foi a incorporación das Comisións de Titulación nos procesos de decisión da información a publicar. Dado o carácter politécnico do Centro pode ser necesario que a información sexa diferente segundo as titulacións. A Comisión de Calidade actuará como axente de homoxeneización da información a difundir.

PS-04: Control dos Documentos e dos Rexistros

A única modificación proposta é que a responsabilidade deste proceso sexa compartida polo Director/a do Centro e polo/a Responsable de Calidade do Centro.

PM-01: Medición, Análise e Mellora (subproceso: S01-PM-01: Seguimento/Acreditación do Título)

As modificacións propostas inciden na liña de mellorar a definición do reparto de competencias entre a Comisión de Calidade do Centro e ás diferentes Comisións de Títulos. No caso particular dos Informes de Seguimento/Acreditación especificar que a responsabilidade da elaboración recae nas Comisións de Título. Debido ao carácter politécnico do Centro, as tarefas da Comisión de Calidade están máis relacionadas con funcións de coordinación e intercambio de experiencias.

PM-03: Xestión das Incidencias

A única modificación é incluír de forma explícita as incidencias relativas a instalacións e servizos xerais do Centro.